



A couza do buxo. Papabuxos. (*Cydalima perspectalis*)


Esta couza foi detectada por primeira vez en España no ano 2014 na zona sur de Pontevedra, aínda que nese momento xa había evidencias da súa presenza en Cantabria. É orixinaria das rexións subtropicais do leste de Asia e en Europa detectouse por primeira vez en Alemania e Holanda no 2007.

Bioloxía

Os adultos soen iniciar a súa actividade a tardiña, teñen unha vida media de dúas semanas e poden poñer uns 200-480 ovos o longo da súa vida. A duración do ciclo dende o estado de ovo, larva e pupa está moi influenciado pola temperatura, variando dende 31 ata 69 días. En Galicia dependendo das condicións climáticas anuais detectáronse dende 2 xeracións nos anos 2014 e 2015 ata 5 no ano 2017.



Adulto de *Cydalima perspectalis*.



Eiruga de *Cydalima perspectalis*.



Crisálida de *Cydalima perspectalis*.

Síntomas e danos.

Os danos son causados polas eirugas que son de cabeza negra e de cor amarela brillante o principio tornando a unha cor máis escura con fondo verde. Escóndense na masa foliar, consumindo a folla ata a epidermis.

As plantas atacadas presentan aspecto seco e fortes defoliacións, si estas últimas son moi reiteradas chegan a matar a planta.



Danos en Buxos.

Control.

O control máis efectivo se realizase coa detección precoz da eiruga. É moi importante mollar toda a masa vexetal, incluso o interior do seto para alcanzar o maior número de eirugas posible, xa que as materias activas autorizadas funcionan por contacto ou inxestión. As diferentes materias activas autorizadas amósanse no seguinte cadro.

Materia activa	Nome Comercial	Usos
Aceite de parafina 83%	Oviphyt Agroil	Autorizado xardiñeiría exterior, usuarios non profesionais
Azadiractin 3,2%	Align	Autorizado xardiñeiría exterior, usuarios non profesionais
Deltametrín 2,5%	Decis	Usuarios profesionais
Cipermetrín 10%	Ralbi 10	Usuarios profesionais